

REUNIÓN DE COAEM NO MECD

Achegado por Administrator
sábado, 04 de marzo do 2017
Última actualización sábado, 04 de marzo do 2017

O pasado xoves 2 de marzo, Asomúsica participou como membro da COAEM na reunión presencial mantida en Madrid co Subdirector Xeral de Ordenación Académica e cunha Vocal do Gabinete do Ministro, para expoñer a nosa análise das consecuencias da LOMCE na Educación Musical Xeral, e entregar unha serie de propostas de mellora.

Ademais desta reunión, COAEM coa inestimable axuda da asociación de Madrid APMUSEM, comezou a entrevistarse tamén cos grupos parlamentarios e sindicatos a nivel nacional, de cara ás negociacións do Gran Pacto Social e Político pola Educación que xa comezaron no Congreso dos Deputados.

COAEM intentará comparecer nalgunha destas sesións parlamentarias para explicar directamente as necesidades da Educación Musical no ensino xeral e así tratar de paliar os danos que as últimas reformas educativas inflixiron nesta área.

Acta da reunión no Mecd

actareunionmecd